


PROPOSTA DE LECER EDUCATIVO

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS E
CONCELLO DA CORUÑA



CURSO 24-25




FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS → PRESENTACIÓN

Como parte do noso compromiso coas ANPAS e as súas familias, un dos nosos principais propósitos é organizar actividades que compartan o obxectivo de promover un desenvolvemento integral na mocidade, abarcando tanto o aspecto físico como o socioemocional. No noso enfoque, o xogo e a diversión son fundamentais, dado que operamos no tempo libre dos participantes.

Para o curso 2024/25, baixo o convenio de colaboración co Concello da Coruña, ofrecemos unha ampla gama de programas, denominados "A CORUÑA TARDES", deseñados para realizarse nos centros educativos coa cooperación dos seus equipos directivos e as ANPAS. Esperamos que esta ampla variedade de opcións sexa de voso agrado e satisfacción.



ÍNDICE


- CÓXEGAS
 - DEPORTE NO CENTRO
 - ARTE E CULTURA NO CENTRO
 - Obradoiros
 - Ludiverso
 - IDIOMAS NO CENTRO
 - English lab
 - On parole
 - CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN
- 

PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS OCIO E CONCILIACIÓN

CÓXEGAS

CURSO 24-25

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS
CONCELLO DA CORUÑA



O programa CÓXEGAS ofrece unha solución para a conciliación familiar e laboral durante o mes de setembro para nenos e nenas en centros públicos. Os nenos gozarán de xogos, deportes e actividades lúdicas como teatro e arte, participando nunha emocionante aventura que se desenvolve ao longo de tres semanas.

OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitar a conciliación familiar directamente no centro educativo.
- Promover hábitos e normas de convivencia.
- Fomentar o desenvolvemento cognitivo, psicomotor e social a través do xogo.



INSCRIPCIÓN

DATAS PRÓXIMAMENTE

WWW.FEDAPASCORUNA.ORG/INSCRIPCIONES

PERÍODO DE REALIZACIÓN

DO 11 AO 30 DE SETEMBRO DE 2024

PROGRAMA DIRIXIDO A

Alumnado de Ed. Infantil e Primaria organizados en:
4º, 5º e 6º Educación Infantil
1º a 6º Educación Primaria
*Consultar CONDICIÓN XERAIS

HORARIO

Existen dúas opcións de horario a escoller:

- Luns a venres de 16:00 a 17:00 h.
- Luns a venres de 16:00 a 18:00 h.

PREZO

15€ por participante

Beneficiarios da beca comedor: desconto do 50%.

Pago obligatorio seguro accidentes: 4€

PROPOSTA de LECER EDUCATIVO

DEPORTE

CURSO 24-25 NO CENTRO

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS
CONCELLO DA CORUÑA



Concello da Coruña

O programa DEPORTE NO CENTRO promove o poder do deporte para o desenvolvemento completo da rapazada, xa que non só promove a actividade física, senón que tamén ensina valores e habilidades fundamentais. Os obxectivos principais son o disfrute, a participación inclusiva, os hábitos saudables, o desenvolvemento de habilidades e o uso positivo do tempo libre. A nosa metodoloxía activa garante que todo o alumnado estea cómodo e goce plenamente das actividades, independentemente do seu nivel.

PROGRAMA DIRIXIDO A

Alumnado de Ed. Infantil e Primaria organizados en:

4º, 5º e 6º Educación Infantil.

1º, 2º e 3º Educación Primaria.

4º, 5º e 6º Educación Primaria.

E.S.O., BACHARELATO e F.P.

*Consultar CONDICIÓN XERAIS



INSCRICIÓN

DATAS PRÓXIMAMENTE

WWW.FEDAPASCORUNA.ORG/INSCRIPCIONES

PERÍODO DE ACTIVIDADES

1 DE OUTUBRO DE 2024- 20 DE XUÑO DE 2025



ESCOLAS DEPORTIVAS

Cada actividade está adaptada ao nivel de desenvolvemento da rapazada, fomentando o seu crecemento integral a través do xogo e o deporte.

Educación Infantil: As actividades céntranse en mellorar as habilidades motoras xerais mediante o xogo, axudando aos máis pequenos a desenvolver coordinación e movemento de maneira divertida e segura.

Educación Primaria: Nos primeiros anos de Primaria, enfocámonos na evolución natural dos xogos motores e en actividades rítmicas que combinan xogo e deporte.

A medida que os nenos medran, introdúcense actividades rítmicas que desenvolven coordinación e expresión corporal, deportes específicos adaptados ao seu nivel e xogos de mesa e xadrez para desenvolver habilidades estratéxicas.

DEPORTES ALTERNATIVOS (Colpbol, Ultimate, Baseball, Pickleball...) é unha proposta innovadora que convida á rapazada a explorar actividades deportivas emocionantes, fomentando a creatividade, o traballo en equipo e o desenvolvemento integral nun ambiente divertido. Adaptados a todos os niveis de habilidade, ofrecen unha alternativa atractiva aos deportes tradicionais, promovendo o benestar integral dos participantes.

ENCUNTROS DEPORTIVOS* é unha actividade de competición entre equipos do centro ou intercentros en deportes específicos, promovendo a cooperación, a competencia saudable e o desenvolvemento de habilidades sociais e motrices.

HORARIO

Dúas sesións semanais de unha hora, entre ás 16:00 e ás 18:00 h, en días alternos, segundo a planificación de cada ANPA.

ENCUNTROS DEPORTIVOS será ofertada só para os venres en franxa de unha ou dúas horas de duración.

ED.INFANTIL

XOGOS E MOVEMENTO

XOGOS DE TABOLEIRO

PRE-PATINAXE 1
(SÓ 5º E 6º E.I.)

XOGOS TRADICIONAIS 1

1º- 3º PRIMARIA

RITMO

PREDEPORTE

PRE-XADREZ

PRE-PATINAXE 2

XOGOS TRADICIONAIS 2

4º- 6º PRIMARIA

BAILE MODERNO

XIMNASIA RÍTMICA

ATLETISMO
BALONCESTO
FÚTBOL SALA
BALONMANO
HÓCKEY SALA
MULTIDPORTE
VOLEIBOL
TENIS
BADMINTON

XADREZ

PATINAXE ARTÍSTICO

HÓCKEY PATÍNS

DEPORTES ALTERNATIVOS

ENCUNTROS DEPORTIVOS

Poderanse solicitar outros deportes sempre que o centro teña as instalacións adecuadas. A Federación Provincial de ANPAS avaliará estas propostas para decidir a súa realización.

As ANPAS dos IES poderán solicitar as mesmas modalidades deportivas propostas para o último tramo de Educación Primaria.

PREZO POR TRIMESTRE

21€ cada escola deportiva

Opción **ENCUNTROS DEPORTIVOS** de unha hora: 10,50€.

Beneficiarios da beca comedor: desconto do 50%.


Pago obligatorio seguro accidentes: 4€

PROPOSTA de LECER EDUCATIVO

ARTE E CULTURA

CURSO 24-25 NO CENTRO

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS
CONCELLO DA CORUÑA



O programa ARTE E CULTURA NO CENTRO ofrece unha experiencia educativa que complementa a xornada escolar dos nenos, promovendo o seu desenvolvemento integral a través de actividades artísticas e culturais nunha contorna lúdica.

OBRADOIROS

LUDIVERSO

PROGRAMA DIRIXIDO A

Alumnado de Ed. Infantil e Primaria organizados en:

4º, 5º e 6º Educación Infantil.

1º, 2º e 3º Educación Primaria.

4º, 5º e 6º Educación Primaria.

*Consultar CONDICIÓN XERAS



INSCRICIÓN

DATAS PRÓXIMAMENTE

WWW.FEDAPASCORUNA.ORG/INSCRIPCIONES

PERÍODO DE ACTIVIDADES

1 DE OUTUBRO DE 2024- 20 DE XUÑO DE 2025

OBRADOIROS

A través do xogo, buscamos espertar o interese e desenvolver diversas habilidades. Cada obradoiro ten un enfoque único, pero todos comparten o obxectivo de aprender e socializar dunha maneira divertida e enriquecedora., combinando diferentes áreas de arte e cultura

HORARIO

Dúas sesións semanais de unha hora, entre ás 16:00 e ás 18:00 h, en días alternos, segundo a planificación de cada ANPA.

	ED.INFANTIL	1º- 3º PRIMARIA	4º- 6º PRIMARIA
Xogos dramáticos	TEATRO		COMEDIANTES
Lóxica matemática	COMECOCOS	XENIOS	SCAPE ROOM
Ciencia e maxia	EUREKA!	ABRACADABRA	ESCOLA DE MAXIA
Animación á lectura	COLORÍN COLORADO	CANTO CONTO	
Expresión plástica	MANITAS	DESEÑO DE SEU	RECREARTE
Novas tecnoloxías		ENREDADOS(*)	
Lingua de signos	MANS QUE FALAN (1 hora)		
Medio ambiente	ECOCREA (1 hora)		

(*) A viabilidade do obradoiro **ENREDADOS** depende de que o centro educativo proporcione os medios tecnolóxicos necesarios.

Poderanse solicitar outros obradoiros e a Federación Provincial de ANPAS avaliará estas propostas para decidir a súa realización.

PREZO POR TRIMESTRE

21€ cada obradoiro

MANS QUE FALAN e **ECOCREA** (Só os venres): 10,50€

Beneficiarios da beca comedor: desconto do 50%.

Pago obligatorio seguro accidentes: 4€

LUDIVERSO

LUDIVERSO é unha emocionante aventura educativa onde os nenos son os protagonistas da súa propia aprendizaxe. A partir de temas motivadores e a través do "traballo por proxectos", os pequenos exploran e aprenden de maneira divertida e interdisciplinaria. Cada actividade fomenta a investigación, a experimentación, o pensamento crítico e o traballo en equipo.

COMO FUNCIONA?

Cada trimestre elixese un tema central que guía todas as actividades. Os nenos mergúllanse neste tema a través de diversos contidos que combinan arte, cultura e deporte. Desde a expresión plástica e teatral ata a ciencia divertida e os xogos deportivos, "Ludiverso" ofrece unha variedade de experiencias que inspiran e educan.

HORARIO

Existen dúas opcións de horario a escoller:

- Luns a venres de 16:00 a 17:00 h.
- Luns a venres de 16:00 a 18:00 h.

PREZO POR TRIMESTRE

Luns a venres de 16:00 a 17:00 h.: 63€

Luns a venres de 16:00 a 18:00 h.: 105€

Beneficiarios da beca comedor: desconto do 50%.

Pago obligatorio seguro accidentes: 4€

“ Ven a "Ludiverso" e explora novas formas de aprender e gozar cada trimestre! ”



XOGOS DRAMÁTICOS

En **TEATRO**, en Ed. Infantil, explorarán o teatro mediante xogos que estimulan a expresión emocional e a creatividade. Nos primeiros cursos de primaria perfeccionarán técnicas teatrais, mellorarán a comunicación e traballarán en equipo para crear e representar escenas.

En **COMEDIANTES**, céntraranse na interpretación humorística e a expresión persoal a través de sketches e monólogos, desenvolvendo confianza no escenario.



LÓXICA MATEMÁTICA

Desde temperá idade, **COMECOCOS** e **XENIOS** introducen crebacabezas, ilusións ópticas e xogos de taboleiro para desenvolver habilidades como observación, atención e toma de decisións.

A medida que medran, enfróntaranse a **SCAPE ROOM**, onde traballarán en equipo para resolver enigmas e desafíos que estimulan o pensamento crítico e a creatividade, preparándoos para desafíos máis complexos.



CIENCIA E MAXIA

En Ed. Infantil, a rapazada participará en **EUREKA!**, onde descubrirán a ciencia de maneira divertida mediante experimentación e observación, fomentando o pensamento crítico e a creatividade.

A medida que avanzan, mergúllaranse en **ABRACADABRA** e **ESCOLA DE MAXIA**, combinando a ciencia coa maxia para entender o mundo a través de trucos fascinantes. Resolverán enigmas, crearán ilusións e aplicarán o método científico de maneira emocionante, desenvolvendo habilidades mentais e físicas.



ANIMACIÓN Á LECTURA

Exploraremos contos, historias e poemas en **COLORÍN COLORADO**, estimulando a creatividade a través da expresión oral e corporal.

En **CANTO CONTO** a rapazada participará na escenificación de contos, desenvolvendo a escoita activa, a comprensión e a creación de novas historias.



EXPRESIÓN PLÁSTICA

Os nenos mergúllaranse en **MANITAS**, onde experimentarán con materiais e técnicas para estimular a súa creatividade única. A medida que medran, avanzarán a **DESEÑO DE SEU**, aprendendo técnicas como macramé, costura e estampado para crear decoracións e accesorios personalizados, fortalecendo aínda máis as súas habilidades artísticas.

Finalmente, en **RECREARTE**, os participantes explorarán un mundo de materiais e técnicas variadas como coser, pegar, estampar e encadernar nunha contorna colaborativa que nutre a súa creatividade individual e fomenta a expresión artística continua.



NOVAS TECNOLOXÍAS

En **ENREDADOS** descubriremos as novas tecnoloxías dunha maneira divertida e responsable. Exploraremos desde o básico como Windows e procesadores de texto, ata como facer presentacións e navegar por internet.



LINGUA DE SIGNOS

En **MANS QUE FALAN** a través de xogos, cancións e manualidades, os nenos aprenderán a Lingua de Signos Española mentres desenvolverán habilidades sociais, melloran a atención e a memoria. Ademais, cultivarán valores como a empatía e o respecto.



MEDIO AMBIENTE


A través do uso creativo de materiais reciclados como madeira, metal, plástico, pedras e teas, os nosos programas salientan a práctica das 3R (Reducir, Reutilizar, Reciclar) e a importancia da separación adecuada de residuos. Desde **ECOCREA**, os participantes explorarán como estas prácticas poden contribuír ao coidado e a conservación da nosa contorna inmediata e máis aló.

PROPOSTA de LECER EDUCATIVO

IDIOMAS

CURSO 24-25 NO CENTRO

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS
CONCELLO DA CORUÑA



"Idiomas no Centro" é unha emocionante proposta de lecer centrada na aprendizaxe de idiomas estranxeiros de forma divertida. O noso programa distínguese por ser unha actividade complementaria cun enfoque lúdico, onde os estudantes participan activamente. Adaptamos as nosas actividades aos intereses dos alumnos, cunha forte énfase no desenvolvemento de habilidades comunicativas prácticas para a vida cotiá.

OBXECTIVOS XERAIS

Fomentar a aprendizaxe de inglés ou francés nunha contorna lúdica e agradable.

Desenvolver habilidades comunicativas no idioma, enfocándose na expresión oral, escoita e conversación.

Proporcionar unha oferta complementaria no ámbito educativo público que facilite a conciliación familiar e laboral.

ENGLISH LAB

ON PARLE



INSCRICIÓN

DATAS PRÓXIMAMENTE

WWW.FEDAPASCORUNA.ORG/INSCRIPCIONES

PERÍODO DE ACTIVIDADES

1 DE OUTUBRO DE 2024- 20 DE XUÑO DE 2025.

PREZO POR TRIMESTRE

45€ cada idioma

Beneficiarios da beca comedor: desconto do 50%.

Pago obligatorio seguro accidentes: 4€

ENGLISH LAB

Ofrecemos unha inmersión en inglés adaptada a todas as etapas educativas, dende infantil ata secundaria, onde o xogo é fundamental. Integrando contidos do idioma con disciplinas e actividades atractivas, melloramos a capacidade de escoita a través de temas interesantes que promoven a participación activa. Ademais, potenciamos a expresión oral nun ambiente de confianza, desenvolvendo seguridade e fluidez para conversacións e debates cotiáns, especialmente na etapa de secundaria.

HORARIO

Dúas sesións semanais de unha hora, entre ás 16:00 e ás 18:00 h, en días alternos, segundo a planificación de cada ANPA.

PROGRAMA DIRIXIDO A

Alumnado de Ed. Infantil, Primaria e da E.S.O organizados en:

- 4º, 5º e 6º Educación Infantil
- 1º, 2º e 3º Educación Primaria
- 4º, 5º e 6º Educación Primaria
- 1º e 2º E.S.O.
- 3º e 4º E.S.O.

*Consultar CONDICIÓN XERAIS

“ Aprende inglés
mentres te
divirtes ”

ON PARLE

Mergúllate na nosa proposta específica de francés dentro do programa Idiomas no Centro, deseñada para estudantes novos no idioma e para aqueles que desexan mellorar a súa fluidez e comprensión oral.

Os nosos obxectivos son proporcionar unha inmersión en francés adaptada a cada nivel educativo cun enfoque na diversión e o xogo, integralo en disciplinas e actividades atractivas para todos os participantes, introducir e apoiar a aqueles sen experiencia previa e fortalecer o coñecemento do francés en quen xa teñen algunha experiencia e mellorar a expresión oral a través de temas motivadores nunha contorna divertida e relaxada.

HORARIO

Dúas sesións semanais de unha hora, entre ás 16:00 e ás 18:00 h, en días alternos, segundo a planificación de cada ANPA.

PROGRAMA DIRIXIDO A

Alumnado de Ed. Primaria e da E.S.O organizados en:

- 4º, 5º e 6º Educación Primaria
- 1º e 2º E.S.O.
- 3º e 4º E.S.O.

*Consultar CONDICIÓN XERAIS

“ Explora o Francés con
Xogos
e Diversión! ”

CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN

PROGRAMAS DE LECER

- Estar matriculado nun centro público do Concello da Coruña.
 - A oferta dos programas e a selección das actividades de cada centro será a escollida por cada ANPA, conforme a antedita proposta de Lecer, tras ser aprobadas en Consello Escolar.
 - Cubrir a solicitude de inscrición en liña e despois de confirmado o grupo, aboar a cota das actividades solicitadas no prazo indicado.
 - O alumnado con necesidade de apoio específico deberá indicalo na solicitude de inscrición e a viabilidade da súa inclusión no grupo será valorada pola Federación Provincial de ANPAs.
 - O número mínimo de participantes por grupo na actividade determinarase segundo a seguinte proporción baseada na cantidade de estudantes matriculados no centro:
 - Liña 1: 8 participantes e 7 nos centros de menos de 100 alumnos/as matriculados/as
 - Liña 2: 9 participantes
 - Liña 3: 10 participantes
- A ratio mínima no Programa CÓXEGAS será de 10 participantes.
- Será decisión da Federación de ANPAs determinar a viabilidade das actividades, ou propoñer unha alternativa, en caso de que non se alcance o número mínimo de participantes necesario para formar grupos, ou se careza do persoal, materiais ou instalacións adecuadas. Ademais, se xa comezado o programa, un grupo xa establecido reduce a súa asistencia por debaixo do mínimo requirido, debido a ausencias ou baixas, aplicarase a mesma condición.
 - Non se permitirá que un mesmo participante se inscriba en dúas actividades que teñan lugar ao mesmo tempo. Ademais, non se permitirá a inscrición na mesma actividade, aínda que se ofrezca en dous horarios distintos para o mesmo grupo de idade.

- O seguro de accidentes dará cobertura en calquera das actividades xestionadas pola Federación de ANPAs no período lectivo do curso 24/25.
- Os beneficiarios da beca comedor deberán indicar na solicitude de inscrición o código de asiento da beca para ter o dereito ao desconto. Así mesmo, no caso de perda dos dereitos da mesma, os participantes deberán aboar o 100% das cotas restantes.
- Os asistentes deben cumprir coas normas do centro e manter unha actitude respectuosa en todas as actividades. O incumprimento activará o protocolo disciplinario do centro ou da ANPA.
- As ausencias continuas sen xustificación poden levar á expulsión do programa, sen reembolso da cota paga. A praza vacante será asignada a outro escolar en lista de agarda.

INFORMACIÓN

Federación Provincial ANPAS

Rúa Orzán, 21 - 15001 A Coruña

ocio@fedapascoruna.org

www.fedapascoruna.org

<http://www.coruna.gal/educacion>

Tel.: 981 202 002

